



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

“BASES QUE REXERAN A CONTRATACIÓN LABORAL DO PERSONAL DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DURANTE O EXERCICIO 2020 (PEL-CONCELLOS).

1.- Obxecto da convocatoria:

O obxecto da presente convocatoria é dar cobertura ao proceso de selección de sete peóns (7) e un/ha limpador/a (1) para dar axeitado cumprimento ás condicións esixidas na subvención outorgada ao concello das Pontes ao abeiro do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2020.

O concello das Pontes levará a cabo o proxecto, que ten como obxecto realizar distintas actuacións no termo municipal, así como garantir a cobertura dos servizos públicos esenciais para o cidadán.

Para o desenvolvemento deste programa é preciso cubrir as prazas que se consideran necesarias e adaptadas ó mesmo, segundo as dispoñibilidades orzamentarias que se prevén na citada subvención. Isto é, a contratación do persoal sinalado na base Dúas (2), persoal en todo caso inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia, conforme á natureza das Bases do referido programa provincial, e máis concretamente segundo o establecido no apartado número 7. O concello deberá realizar a contratación do persoal unha vez que quede acreditada a condición de demandante de emprego das persoas a nomear e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

Polo Decreto da Alcaldía 1287/2014 decláranse sectores prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos esenciais, entre outros o do mantemento dos edificios municipais, o que abrangue a súa limpeza.

En relación ao establecido no artigo 4.1a) do RD 896/1991, as prazas de persoal laboral corresponden á seguinte clasificación, por asimilación :

Escala: Administración Especial; Subescala: Servizos Especiais; Clase: Persoal de Oficios.

Grupo de Titulación: Agrupacións Profesionais.

Retribucións: As que corresponden no orzamento ás prazas de peón e limpadora respectivamente. Tal e como aparece refrexado na base seguinte, adaptadas ao tipo de xornada do 67%.

2.- Período e modalidade de contratación:

Cinco meses. A adicación será a tempo parcial (25 horas, correspondente ao 67% da xornada).

Número de prazas: 7 peóns, 1 limpador/a

3.- Sistema de provisión:

Concurso (con eventual proba de galego).

Contratación baixo a especialidade de acumulación de tarefas.

4.- Requisitos dos aspirantes:

4.1.

a) Ser de nacionalidade española. Poderán concorrer tamén os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, despois de acreditar a súa nacionalidade conforme ao disposto na Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Comunidade Europea, e demais normativa. Logo de acreditación da súa nacionalidade, os nacionais de estados que en virtude de Tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores nos termos en que está definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, tamén poderán



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

concorrer.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea ou os daqueles que teñen subscrito Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impidan no seu estado o acceso á función pública.

g) Deberase acreditar o coñecemento do idioma galego coa presentación do certificado CELGA 2 ou a súa validación. No caso de non presentar este requisito, deberán realizar unha proba oral de coñecemento do idioma, que será valorada como apto ou non apto.

No caso de cualificarse como Non Apto, quedarán excluídos do proceso.

h) Titulación necesaria: sen titulación.

4.2 As persoas a nomear no programa deberán estar (polo menos nunha) nas situacións entre as recollidas nas Bases aprobadas pola Excm. Deputación Provincial para a financiación dos servizos mínimos municipais como incluídas en situación de exclusión laboral, que son as seguintes:

a) Mulleres.

b) Maiores de 45 anos.

c) Persoas con discapacidade: (discapacidade dun grao igual ou superior ao 33% recoñecida pola administración competente).

d) Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: adicción ás drogas, vivir nun fogar no que ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

e) Parados de longa duración. Aos efectos deste programa consideraranse como parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.

f) Persoas vítimas de violencia de xénero.

5.- Achega de solicitudes:

5.1) As solicitudes, ás que se xuntará a documentación xustificativa dos méritos que se valoran na convocatoria, así como a titulación correspondente á lingua galega, de ser o caso, e nas que se declarará o cumprimento das condicións establecidas, será dirixida ao Rexistro Xeral do Concello no prazo de dez días naturais, contados dende o seguinte ao do anuncio da convocatoria no BOP. O horario de presentación no rexistro do concello é de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas. Tamén poderanse achegar do xeito especificado no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

O modelo de solicitude publicarase na páxina web do concello, xunto coa convocatoria, ésta a efectos informativos. Achegarase documentación xustificativa dos traballos efectivamente realizados, que pode incluír a vida laboral, pero que por si mesma non acredita a índole dos mesmos. Para que o Tribunal poida valorar esíxese certificado de servizos no caso da



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

Administración e documento semellante no caso da empresa privada. Se se aporta vida laboral **sempre debe estar acompañada por contrato de traballo.**

5.2).- Rematado o prazo de presentación de instancias, a concelleira -delegada da Área de Recursos Humanos ditará resolución, no prazo de cinco días, que se publicará no Taboleiro de Edictos do concello e na páxina web, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do artigo 68.1 da LPACAP. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

5.3) Transcorrido o prazo de emenda de defectos, dita concelleira declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do mesmo. Na citada resolución fixarase o lugar, data e hora de realización do concurso e establecerase a composición do Tribunal cualificador.

Posto que o programa vai dirixido ao persoal reflectido na base 4.2, os aspirantes deberán acreditar esta situación no momento de presentar a instancia. O DNI debe figurar en tódolos casos, e deste xeito quedarían xustificadas os apartados a) e b) da citada base. Tódalas demais circunstancias deben acreditarse cun informe emitido pola entidade que corresponda:

-Certificado de discapacidade da Administración (apartado c), informes sociais (apartado d), “persoas desfavorecidas”.

-Presentación de tarxeta de demandante de emprego e informe de vida laboral, (apartado e) “parados de longa duración”.

-Sentencia xudicial firme no caso do apartado f) “persoas vítimas de violencia de xénero”, así como informe dos servizos sociais.

Tamén se presentará a documentación acreditativa dos méritos que se pretende sexan valorados e que figuran na base 7. A documentación a presentar será orixinal ou copia compulsada e aportarase de tal xeito que poida ser valorada convenientemente pola Comisión Seleccionadora. Non se valorará ningún mérito que, a criterio do Tribunal, non estea suficientemente documentado.

6.- Tribunal:

Estará formado por un presidente, tres vogais, e un secretario, cos seus respectivos suplentes, e serán designados polo concelleiro de Área de entre funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo. O/a secretario/a deberá ser funcionario de carreira.

No caso de que non poida asistir o presidente, nin o seu suplente, asumirá tal condición o vogal de maior idade. De non poder asistir o secretario, nin o seu suplente, fará as súas veces o vogal de menor idade, sempre que sexa funcionario.

Na designación procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto e poderanse nomear asesores nas probas que se considere oportuno e/ou necesario.

Poderanse nomear, en todo caso, os asesores que a Comisión determine en función das probas que se realicen.

7.- Criterios a valorar no proceso selectivo:

Fase de concurso: valoración de méritos: Puntuación total máxima dezaséis puntos e medio(16,5)

A)-Valorarase como mérito ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas. A este apartado outorgaráselle unha puntuación de 2 puntos por cada programa rematado, ata un máximo de **catro puntos (4)**.

B)- Valorarase como mérito ter traballado na categoría de peón ou limpador/a tanto na



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

empresa privada como na Administración Pública. Cada unha das prazas terá a súa valoración (servizos como peón para as de peón ou limpador/a para as da correspondente categoría):

- a) 0,2 pts por mes ou fracción de servizo a tempo completo na Administración.
- b) 0,1 pts por mes ou fracción de servizo a tempo completo na empresa privada.

O total deste apartado B) non superará o máximo de **oito puntos (8)**, acreditándose do seguinte xeito: contrato de traballo, nomeamento, vida laboral ou calquera outro documento no que conste a índole dos servizos prestados. A vida laboral como único documento non será admitida, xa que non consta a natureza dos servizos prestados; terá que ser acompañada do contrato de traballo.

C) Cursos relacionados directa ou formalmente co contido das prazas que se convocan:

Ata 50 horas de duración: 0,2 puntos por curso.

De 51 a 100 horas: 0,4 puntos por curso

De 101 a 150 horas: 0,6 puntos por curso

De 151 a 200 horas: 0,8 puntos por curso

Máis de 200 horas: 1,25 puntos por curso

A puntuación máxima por cursos poderá acadar o total de **tres puntos 3**

En ningún caso os programas de formación poderán puntuar neste apartado; soamente serán valorados no apartado 7 A.

D) Titulación superior á esixida na convocatoria:

Certificado de profesionalidade: 0,40 pts

ESO ou equivalente: 0,50 pts

FPII, bacharel ou equivalente: 1 pts.

Formación profesional de grao superior: 1,50 puntos.

A puntuación total deste apartado non será superior a **1,50 pts**. Non se terán en conta as titulacións que sirvan para obter a de nivel superior.

7.3.- Coñecemento do galego:

Os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega no nivel Celga 2 ou equivalente serán obxecto dunha proba específica de conversación, que se cualificará como Apto ou Non Apto. A duración da proba non será superior a quince minutos. Os aspirantes serán chamados individualmente e respectando a lexislación estatal sobre o COVID 19 vixente no momento de celebración do exercicio, actuando en todo caso coa máxima prudencia.

8.- Selección dos aspirantes:

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na totalidade do proceso, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación en cada especialidade (peóns e limpadora). O Tribunal propondrá a contratación correspondente dos aspirantes que acaden a maior puntuación en cada especialidade (Sete e un/ha respectivamente).

Ademais, formarase unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que, a xuízo do Tribunal non acaden suficiente puntuación para seren propostos, requirindo unha puntuación mínima de **3 puntos**. Estas listas de espera, unha por cada especialidade, elaboraranse aos efectos de cubrir posibles vacantes que se produzan ou ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, así como se se producira a baixa ou renuncia dos seleccionados.

A publicación da lista realizarase no Taboleiro de Edictos, así como na páxina web do concello.

O rexeitamento na chamada provocará que o aspirante pase ao final da lista. En caso de empate, dilucidarase o mesmo do seguinte xeito:

- 1º) Maior puntuación no apartado b) da base 7



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

- 2º) Maior puntuación no apartado c) da base 7
- 3º) Maior puntuación no apartado d) da base 7
- 4º) Maior puntuación no apartado a) da base 7
- 5º) De persistir o empate, o mesmo resolverase mediante un sorteo.

9.- Publicidade:

A publicidade da convocatoria realizarase do xeito especificado na Base 5.

10.- Presentación da documentación.

Os aspirantes seleccionados deberán achegar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas na Base número 5, no prazo de tres días hábiles, a contar dende a publicación da lista coa puntuación final.

Cumpridos os anteriores requisitos, pola concelleira delegada de Área procederase a asinar o correspondente contrato.

No caso das persoas integrantes da lista de espera, o prazo de tres días hábiles comezará a contar dende o chamamento.

11.- Reclamacións e recursos.

Contra o outorgamento das puntuacións efectuado polo Tribunal poderán reclamar os interesados perante este no prazo dos tres días seguintes ao de seren publicados.

Contra a proposta de aprobados, publicación de lista de espera, etc.. efectuada polo órgano de selección, poderá interpoñerse o recurso de alzada regulado nos artigos 121 e 122 da LPACAP, no prazo dun mes, perante o concelleiro-delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos.

Contra a Resolución do concelleiro-delegado de contratación dos aspirantes seleccionados, lista de espera, etc., cabe interpor recurso potestativo de reposición perante o dito concelleiro, no prazo dun mes; ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo N.º 1 de Ferrol ou, á súa elección, o Xulgado da circunscrición na que teña o seu domicilio o demandante.

12.- Impugnación.

As presentes bases poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma previstos na LPACAP.”



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

ANEXO

CONCELLO DAS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS

I.- DATOS DA PRAZA

DENOMINACION : PEL 2020 (PEON OU LIMPADOR/A) ESPECIFICAR

II.- DATOS PERSOAIS

D....., con DNI número,
teléfono, correo electrónico
..... e domicilio a efectos de notificacións en
....., CP:

A PRAZA A QUE OPTO É: **PEON** **LIMPADOR/A**

Marcar mediante unha crus a praza á que se opta.

EXPOÑO:

1º) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria (Base quinta).

Así mesmo manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía, polo que solicito a adaptación que se achega polos motivos que se expresan (En folio aparte especificaranse os motivos da minusvalía e as adaptacións que solicita)

2º) Que me comprometo, no caso de obter a praza e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas e tomar posesión, no seu caso, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas citadas bases.

SOLICITO:

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

As Pontes de García Rodríguez, de de 2020

(Asdo)

De conformidade coa Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal (LOPD), informámoslle que os datos de carácter persoal que se solicitan na presente instancia serán incorporados a un ficheiro inscrito na Axencia española de protección de datos, do cal é responsable o concello das Pontes de García Rodríguez e serán tratados para xestionar os procesos de selección da institución. Vostede ten a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei dirixíndose ao Rexistro Xeral do concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal, s/n, As Pontes.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES